

AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA

SUBVENCIONS PARA ADQUISICION DE VEHICULOS EFICIENTES

RESOLUCION do 25 de novembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesion de subvencions, en rexime de concorrencia non competitiva, relativas ao Plan de transicion a unha mobilidade eficiente, asi como a seleccion das entidades colaboradoras que participaran na súa xestion, e se procede a convocatoria para a anualidade 2022 (codigos de procedemento IN421T e IN421U).

Obxecto

Regular a concesion de subvencions para a adquisicion no ano 2022 de vehiculos de transicion a unha mobilidade eficiente por parte de persoas fisicas e empresas que cumpran cos requisitos e condicion establecidos no articulado desta resolucion

Persoas beneficiarias

1. Persoas fisicas con residencia habitual no territorio da Comunidade Autonoma de Galicia.
2. Empresas legalmente constituidas e os empresarios autonomos que teñan domicilio social ou algun centro de traballo en Galicia

Actuacions subvencionables e contias

Adquisicion de vehiculos novos cun custo inferior ou igual a 40.000,00 € (impostos incluidos) que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Vehiculos M1 (turismos) cun valor de emision iguais ou inferiores a 135 g CO₂ /km
- b) N1 (furgonetas) cun valor de emision inferiores ou iguais a 120 g CO₂ /km no caso de vehiculos con MTMA < 2.500 kg ou cunhas emision inferiores ou iguais a 185 g CO₂ /km no caso de vehiculos con MTMA ≥ 2.500 kg

Para acceder a subvencion sera requisito imprescindible que o adquirente titular do vehiculo subvencionable acredite a baixa definitiva en circulacion dun vehiculo que se vaia desmantelar no Rexistro de Vehiculos da Direccion Xeral de Trafico, mediante a presentacion do correspondente certificado acreditativo da baixa definitiva do vehiculo, da categoria M1 ou N1, indistintamente. Debera estar matriculado en Espana e ter unha antiguidade, contada desde a data da súa primeira matriculacion e ata a do dia en que se fai a solicitud da axuda, de polo menos dez anos no caso de vehiculos M1 ou de cinco anos no caso de vehiculos N1. Adicionalmente, o vehiculo que se vaia desmatelar debera estar ao dia no pagamento do imposto sobre vehiculos de traccion mecanica e o adquirente titular do vehiculo susceptible de axuda, o conxuxe ou un familiar de primeiro grao (por consanguinidade ou afinidade) debera ter a titularidade do vehiculo desmantelado, como minimo, desde o dia anterior a publicacion da presente convocatoria.

As subvencions concedidas ao abeiro desta convocatoria seran incompatibles con outras axudas, subvencions ou recursos destinados a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracion ou entes publicos ou privados, nacionais, da Union Europea ou de organismos internacionais

Contía máxima das axudas que se outorgarán coa convocatoria

Tipo de proxecto	Axuda Inega (€)	Axuda adicional familias numerosas (€)	Desconto concesionario (€)	Total (€)(*)
Tipo 1	3.000,00	600,00	1.000,00	4.000,00/4.600,00
Tipo 2	2.000,00	400,00	1.000,00	3.000,00/3.400,00
Tipo 3	2.000,00	400,00	1.000,00	3.000,00/3.400,00

(*) A segunda cantidade é exclusiva para solicitantes que formen parte dunha familia numerosa, para os cales a axuda do Inega se incrementa un 20 %.

Modo de presentación e prazos

As solicitudes presentaranse a través dos concesionarios de automóbiles que actuarán como entidades colaboradoras. Na páxina web do Inega (www.inega.gal) estará dispoñible unha listaxe de entidades colaboradoras adheridas a esta convocatoria de axudas.

O prazo de presentación de solicitudes de adhesión das **entidades colaboradoras** comezará a partir do primeiro día hábil seguinte ao da publicación no DOG da presente resolución e rematará o 15 de setembro de 2022, e para solicitar a súa adhesión a entidade colaboradora terá que cubrir e confirmar o formulario de adhesión (anexo II).

O prazo de presentación de solicitudes **para os particulares ou autónomos** comezará o 17 de xaneiro de 2022 ás 9.00 horas e rematará o 30 de setembro de 2022 ou cando se esgoten os fondos.

Vixencia do plan

Ata o 30 de setembro de 2022 ou ata que se esgoten os fondos.

Información aos interesados

Na páxina web do Inega (www.inega.gal) e no correo electrónico inega.info@xunta.gal
No teléfono 981 54 15 00.